



# BANDO

DON ALBERTO GARCÍA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CATOIRA (PONTEVEDRA)

INFORMA:

## PROGRAMA DEPOTERMAL DE PERNOCTACIÓN EN SPA, BALNEARIO OU TALASO.

Organizado pola Deputación Provincial xunto co Concello de Catoira

- **CONTIDO:** O Programa ofrece unha estancia de seis días e cinco noites (de domingo a venres) nun hotel con spa, balneario ou outro tipo de instalación similares, na provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa, incluídos os traslados en autocar desde o Concello ata os establecementos e viceversa.
- **BENEFICIARIOS/AS:**
  - Persoas nadas antes do 1 de xaneiro de 1973.
  - Pensionistas da seguridade social.
  - Persoas que precisen de respiro familiar, mediante informe da traballadora social.
  - Persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.
- **PRAZO DE SOLICITUDE:** Ata o 8 de maio de 2023.
- **PREZOS:** Os prezos a aboar determinaranse en función da renda persoal de forma individual e mensual da persoa solicitante.
- **INSCRICIÓN:** No departamento de servizos sociais do Concello.

Catoira, 10 de abril de 2023

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

